



### **AGASALLOS ANTES DO NADAL**

A falta de intesidade e a pasividade sentencio os de Ares.

A Gándara, 11 de decembro do 2010.

**NUMANCIA:** Tito, Coco, Álvaro, Amenedo, Jorge, Víctor, Quique, Moabe, Iván, Manu, Borja.  
Tamén xogaron: Juanra, Dani, Rubén, Pepe e Brayan.

**COLEXIADO:** D. Fernando Caruncho Paz. No Numancia amonestou a Brayan e a Manu.

**GOLES:** Borja (2) polo Numancia.

Décimosexta xornada da Liga Xuvenil Local onde o Numancia caeu derrotado ante o Racing San Pedro nas magníficas instalacións de A Gándara en Ferrol.

O Numancia, con 3 xogadores cadetes nas súas filas poñía terra de por medio ós 10 minutos de partido con 2 goles de cabeza de Borja aproveitando dous bos pases de Manu e Víctor respectivamente, gañando ás costas a defensa local. Pero xa antes do descanso o R. San Pedro era capaz de empatar o partido aproveitando a pasividade defensiva dos de Ares.

Na segunda metade, viu o castigo. Terceiro gol do R. San Pedro e victoria para os locais, ante a impotencia e pasividade numantina. Polo tanto, finalmente os 3 puntos quedaron en Ferrol.

Agora toca estar unidos, reflexionar e pensar que por enriba de todo, e de todos, esta un escudo, unha historia, unha camiseta e unha entidade, a SDR Numancia de Ares coa que todos temos un compromiso como mínimo, ata o final desta tempada.

O vindeiro sábado ás 16:00 en Prados Vellos último partido do 2010 ante a SD Val.

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!